



R e MasOrange xa levan o 5G a máis do 65 % dos municipios galegos de menos de 10 000 habitantes co plan UNICO 5G de fondos europeos xestionados polo Ministerio de Transformación Digital

- *Preto de 250 municipios de menos de 10 000 habitantes disporán en Galicia de cobertura móbil 5G SA-Stand Alone de R -a máis avanzada desta tecnoloxía- cando MasOrange complete a despregadura no marco do programa UNICO 5G - Redes Activas en 2026.*
- *Ademais, grazas ao proxecto 'Internet rural' de R 296 concellos galegos gozan xa de alta velocidade con 5G en zonas de difícil acceso ou poboación dispersa ás que non se chega con fibra óptica.*
- *O activismo rural de R tradúcese en dotar as zonas menos poboadas e con peores accesos da mellor conectividade fixa e móbil con 5G, ao mesmo nivel que a poboación das cidades en Galicia.*
- *O 95 % da poboación dispón de cobertura 5G en Galicia e en pouco tempo poderemos falar dunha cobertura próxima ao 100 %.*
- *O plan de axudas UNICO 5G_Redes Activas está financiado polo Fondo de Recuperación da Unión Europea 'NextGenerationEU' e xestionado polo Ministerio de Transformación Dixital e da Función Pública (Plan de Recuperación, Transformación e Resiliencia do Goberno).*

Martes, 4 de novembro de 2025.- R levou xa a súa cobertura móbil 5G a **máis de 80 municipios** galegos de menos de 10 000 habitantes no marco do programa UNICO 5G-Redes Activas, do que MasOrange –grupo ao que R pertence– resultou principal adxudicatario en Galicia. Ademais, en breve completaranse os traballos en **máis de medio centenar de concellos ***, e en 2026 preto de 250 (dos 313 que ten Galicia) gozarán xa da tecnoloxía 5G SA (*Stand Alone*), a máis completa, estable e avanzada, que reduce ao máximo a latencia (resposta de conexión inmediata).

Trátase do 80 % dos concellos da comunidade nos que se concentra tan só o 20 % da poboación de Galicia, o que dá unha idea da súa dispersión e do que supón chegar ata o último recuncho de Galicia con esta tecnoloxía de última xeración. Así, por exemplo, dispoñen xa de cobertura 5G SA o municipio menos poboado de Galicia, Negueira de Muñiz (Lugo), con 215 habitantes, ou o de Larouco (Ourense), con pouco máis de 430.

O programa de axudas UNICO 5G_Redes Activas, financiado polo Fondo de Recuperación da Unión Europea 'NextGenerationEU' (Plan de Recuperación, Transformación e Resiliencia do Goberno), prevé traballos en Galicia en preto de 1000 estacións móbiles, 100 delas de nova construción. Ata agora avanzouse xa en máis de 630 emprazamentos e en máis do 65 % dos municipios do plan, que se prevé que estea rematado na primavera de 2026.

Após a última convocatoria de axudas, a finais de 2024, MasOrange foi a principal adxudicataria en Galicia, cun total de 70 millóns de euros de investimento ata finais de 2026, dos que 22,7M€ corresponden á Coruña, 20,5 a Lugo, 17,6 a Ourense e 9,6 a Pontevedra.

O obxectivo, contribuír ao desenvolvemento do rural galego e situar a comunidade á vangarda en redes móbiles de última xeración.



Banda larga con 5G ata o último recuncho de Galicia

Ademais, **R** é o primeiro operador que dota clientes/as sen fibra en Galicia dunha **solución 5G converxente fixo e móbil**. Deste xeito, **296 municipios** galegos (A Coruña, 88; Lugo, 65; Ourense 83; Pontevedra, 60) xa gozan do servizo 'Internet rural', solución de **banda larga a través de 5G** (co "mambo *Axiña*") para ofrecerlles alta velocidade e wifi 6 ás poboacións de aldeas e lugares onde non é posible levar a fibra óptica.

Cando se completen os traballos, 300 000 inmobles dispersos pola orografía galega gozarán de velocidades de ata 1 Gbps e poderán facer uso de múltiples dispositivos á vez, traballar en remoto ou ver a televisión coa máxima calidade, cunha experiencia moi similar á opción óptima da fibra e moi por diante das conexións por satélite.

Minorar a fenda: compromiso de R con Galicia

A boa marcha dos dous desenvolvementos (móbil 5G SA e 'Internet rural' para banda larga con 5G) permitirá que, en breve, a práctica totalidade dos fogares e empresas galegas contén coa **conectividade móbil e fixa máis avanzada tamén no medio rural** ou en zonas de acceso complicado. Este balance, sumado ás porcentaxes no contexto urbano de Galicia, apunta a unha cobertura total 5G do territorio a moi curto prazo.

A redución da fenda dixital é un dos grandes compromisos de **R** dende que comezou a súa andaina hai máis de dúas décadas. O operador galego mantivo sempre —e reforza agora con MasOrange— a súa decidida aposta polo desenvolvemento socioeconómico e tecnolóxico de Galicia, que se concretou en máis de 2300M€ de investimento acumulado no territorio ao longo da súa traxectoria.

De feito, **R** é en Galicia a opción preferida por fogares e negocios, e o operador con maior cobertura de banda larga da comunidade. A súa rede de fibra chega a máis de 1,7 millóns de fogares nos 313 municipios galegos, onde pode gozar da súa alta velocidade case que a totalidade da poboación.

Activismo rural dende a tecnoloxía e Galicia TIC

O rural galego, polo tanto, xa non é espectador, senón protagonista da revolución dixital. Grazas ao 5G de **R** e ao legado de pilotos pioneiros do grupo MasOrange con esta tecnoloxía avanzada, aldeas e pequenas localidades están a liderar xa a transformación tecnolóxica da comunidade galega.

Desta conxuntura e dun futuro sen fenda dixital falou hai uns días Alfredo Ramos, director de **R** e de MasOrange en Galicia, no foro de referencia Galicia TIC, onde incidiu en que *“falar de 5G UNICO Rural é falar de igualdade de oportunidades, a base para que calquera persoa en Galicia poida formarse, traballar e emprender dende o rural en condicións similares ás cidades”*.

Na mesma liña Ramos explica que *“para os nosos equipos o activismo rural é traballar para que vivir e emprender nesta contorna non sexa unha desvantaxe. É pór a tecnoloxía ao servizo das persoas, do campo, da industria agroalimentaria e da sostibilidade. E tamén, facilitar que o talento fique ou volte e que o rural estea en igualdade de condicións para competir, medrar e liderar. Dende **R** e dende MasOrange, seguiremos apostando por un rural conectado, innovador e con futuro”*.

comunicación R
prensa@mundo-r.net
R.gal

***(Ver ANEXO)**

***ANEXO**_listaxe de municipios galegos de menos de 10 000 habitantes que dispoñen de **cobertura móbil 5G SA de R coas despregaduras de MasOrange** [programa UNICO 5G_Redes Activas]

(realizados e en curso)

A CORUÑA

Touro (nueva construción), **Frades** (nueva construción), **Vedra** (nueva construción), **Sobrado** (nueva construción), **Lousame** (nueva construción), **Ares**, **Cabanas**, **Camariñas**, **Cariño**, **Carnota**, **Carral**, **Cerceda**, **Coirós**, **Curtis**, **Frades**, **Malpica de Bergantiños**, **Moeche**, **Neda**, **Oza-Cesuras**, **Paderne**, **Pontedeume**, **Toques**, **Tordoia**, **Touro**, **Val do Dubra**, **Valdoviño** y **Vedra**.

Próximamente se completarán los trabajos en:

Abegondo, **Aranga**, **Cabana de Bergantiños**, **Cedeira**, **Cerdido**, **Irixoa**, **Laxe**, **Mañón**, **Mazaricos**, **Mesía**, **Mugardos**, **Muros**, **Muxía**, **Outes**, **A Pobra do Caramiñal**, **As Somozas**, **Vimianzo**

(realizados e en curso)

A CORUÑA

Touro (nova construción), **Frades** (nova construción), **Vedra** (nova construción), **Sobrado** (nova construción), **Lousame** (nova construción), **Ares**, **Cabanas**, **Camariñas**, **Cariño**, **Carnota**, **Carral**, **Cerceda**, **Coirós**, **Curtis**, **Frades**, **Malpica de Bergantiños**, **Moeche**, **Neda**, **Oza-Cesuras**, **Paderne**, **Pontedeume**, **Toques**, **Tordoia**, **Touro**, **Val do Dubra**, **Valdoviño**, **Vedra**.

Proximamente rematarán os traballos en:

Abegondo, **Aranga**, **Cabana de Bergantiños**, **Cedeira**, **Cerdido**, **Irixoa**, **Laxe**, **Mañón**, **Mazaricos**, **Mesía**, **Mugardos**, **Muros**, **Muxía**, **Outes**, **A Pobra do Caramiñal**, **As Somozas**, **Vimianzo** e **Zas**.

LUGO

Barreiros (nova construción), **Meira** (nova construción), **Baralla**, **Becerreá**, **Begonte**, **Cervo**, **O Incio**), **Mondoñedo**, **Monterroso**, **Muras**, **Negreira de Muñiz**, **Paradela**, **A Pobra do Brollón**, **Rábade** e **O Valadouro**.

Proximamente rematarán os traballos en:

Baleira, **Cervantes**, **O Páramo**, **Pedrafita do Cebreiro**, **A Pontenova**, **Ribas do Sil**, **Ribeira de Piquín**, **Riotorto** e **Xermade**.

OURENSE

Oímbra, (nova construción), **Trasmiras** (nova construción), **Vilamarín** (nova construción), **Amoeiro**, **Beariz**, **Os Blancos**, **A Bola**, **Carballeda de Avia**, **Castrelo do Val**, **Castro Caldelas**, **Cenlle**, **Chandrexa de Queixa**, **Coles**, **Cortegada**, **Cualedro**, **Esgos**, **A Gudiña**, **Larouco**, **Leiro**, **Maside**, **Parada de Sil**, **A Peroxa**, **Punxín**, **Ribadavia**, **Ríos**, **Sarreaus**, **A Teixeira**, **Verea** e **Vilamartín de Valdeorras**.

Proximamente rematarán os traballos en:

Allariz, **Avión**, **Bande**, **Boborás**, **Carballeda de Valdeorras**, **Castrelo de Miño**, **Gomesende**, **Laza**, **Lobios**, **Melón**, **A Mezquita**, **Monterrei**, **Nogueira de Ramuín**, **O Pereiro de Aguiar**, **Piñor**, **A Pobra de Trives**, **Rairiz de Veiga**, **Rubiá**, **San Amaro**, **San Cibrao das Viñas**, **San Cristovo de Cea**, **Viana do Bolo** e **Vilar de Santos**.

PONTEVEDRA

Catoira (nova construción), **Caldas de Reis**, **Catoira**, **Crecente**, **A Illa de Arousa**, **Meaño**, **Meis**, **As Neves**, **Pontecesures**, **Portas**, **Ribadumia** e **O Rosal**.

Proximamente rematarán os traballos en:

Moraña e **Vilaboa**.
